

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 10 de abril de 2026

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e corenta e un minutos do día 10 de abril do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto María Beatriz Del Cerro Del Río, Vicesecretaría Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Luisa Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros* e *Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.36373.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 1 de abril de 2026.

2.36374.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E ÁS FEDERACIÓNS AUTONÓMICAS E ESPAÑOLAS PARA POSIBILITAR A ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓN OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026. (EXPTE. 2026010738)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026.

Segundo.- En data 30/03/2026 a Vicepresidenta Segunda da inicio o expediente para a tramitación das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2026.



Terceiro.- En data 30/03/2026 o servizo de Deportes emite a memoria xustificativa e solicita informe de fiscalización previa á Intervención do proxecto de bases reguladoras.

Cuarto.- En data 07/04/2026 a Intervención fiscaliza de xeito favorable o expediente de bases de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2026.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Entre as competencias atribuídas pola Lei, 03/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia ás deputacións provinciais, atópanse o fomento, a promoción e a difusión do deporte, así como calquera outra actuación que beneficie o desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

En relación ao mencionado a Lei do Deporte de Galicia no seu artigo 40.1 indica cas entidades deportivas teñen por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario e no apartado 2 indica que a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.



Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A norma reguladora do procedemento define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ós clubs e Federacións autonómicas e españolas que organicen competicións e eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2026.

As axudas estarán destinadas subvencionar os gastos para a organización de competicións ou eventos deportivos que organicen clubs e Federacións autonómicas e españolas na provincia de Pontevedra no ano 2026.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

De acordo co establecido na normativa de subvencións esta convocatoria tramítase na modalidade de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración fixados nas bases reguladoras, co fin de establecer unha prelación entre elas.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Legislativas das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 26/340.3410.489.04 do Orzamento da Deputación para o ano 2026, por un importe total de cincocentos cincuenta mil (550.000,00) euros, distribuído da seguinte maneira:



Liña 1.....	300.000,00 €
Liña 2.....	250.000,00 €

Esta cantidade poderase incrementar un máximo do 50 % para cada unha das liñas, en base ás circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo e no art. 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as “Bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2026” co seguinte teor literal:

“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E ÁS FEDERACIÓNS AUTONÓMICAS E ESPAÑOLAS PARA POSIBILITAR A ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓN OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026

A Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos o fomento do deporte e o apoio ás e aos deportistas desta provincia nas respectivas competicións, cuestión da que se ocupa o seu Servizo de Deportes.

Mediante esta liña de subvencións preténdese apoiar aquelas competicións e eventos deportivos que se leven a cabo na nosa provincia, impulsando a práctica e a difusión do deporte como forma de elevar o nivel competitivo das distintas modalidades e como reclamo para o público afeccionado en xeral.

Deste xeito, con esta regulación establécense os medios necesarios para promover iniciativas realizadas polos clubs e as federacións deportivas para organizar competicións e eventos deportivos na provincia de Pontevedra, como mecanismo, ademais, de impulso ao desenvolvemento social para mellorar a calidade de vida, crear emprego e fomentar o crecemento sostible do territorio e da súa sociedade.

Desde o punto de vista competencial, de acordo coa Lei 3/2021, de 2 de abril, do deporte de Galicia, as deputacións teñen entre as súas competencias fomentar, promover e difundir o deporte na provincia; por iso, desde esta Administración débese facilitar a práctica da actividade deportiva, co principal obxectivo de mellorar a condición física e a ocupación activa do tempo de lecer.

Na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte, defínense o deporte e a actividade física como prácticas esenciais que todas as persoas teñen dereito a realizar. Así mesmo, esta lei destaca a importancia das entidades locais como xestoras do territorio á hora de fomentar a súa práctica.

Por todo o antes exposto, a través desta convocatoria a Deputación de Pontevedra promove unha liña de axudas destinadas á organización de competicións e eventos deportivos realizados na provincia de Pontevedra para o ano 2026, que se rexerán polas seguintes:



BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a clubs deportivos sen ánimo de lucro con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra e ás federacións deportivas galegas e españolas, co fin de financiar parcialmente os gastos subvencionables derivados da organización de competicións e eventos deportivos que se leven a cabo na provincia de Pontevedra entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Segunda. Entidades beneficiarias

Poderán adquirir a condición de beneficiarias:

- Clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídos e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, que desenvolvan nesta a actividade obxecto de subvención.
- As federacións deportivas galegas e españolas, con independencia do seu domicilio fiscal, sempre que a actividade subvencionable se realice na provincia de Pontevedra e a federación actúe como entidade organizadora.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e no 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), así como na normativa de desenvolvemento que resulte de aplicación.

Así mesmo, tampouco poderán obter esta condición as entidades que:

- Teñan pendentes de xustificar axudas concedidas no exercicio anterior no marco deste mesmo programa, mentres non regularicen a súa situación.
- Fosen obxecto no exercicio anterior dunha resolución firme de perda do dereito ao cobro no marco deste mesmo programa.

Terceira. Financiamento e distribución orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocaranse con cargo á aplicación 26/340.3410.489.04 do Orzamento da Deputación para o ano 2026, por un importe total de cincocentos cincuenta mil euros (550.000 €), distribuído da seguinte maneira:

Liña 1	300.000 €
Liña 2	250.000 €

Esta cantidade poderase incrementar como máximo nun 50 % para cada unha das liñas, con base nas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS), aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e no 31 da LSG.

O importe desta ampliación dependerá dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito. A efectividade da contía adicional quedará condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda, nun momento anterior á resolución da concesión da subvención. Esta ampliación deberá publicarse antes de resolverse a concesión e nos mesmos medios que a convocatoria, e indicaranse o crédito final dispoñible e a distribución definitiva. Este anuncio non implicará a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de un novo cómputo de prazo para resolver.



Cuarta. Réxime xurídico

As subvencións reguladas nestas bases tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

O procedemento rexerese por estas bases e pola normativa básica estatal en materia de subvencións, pola normativa autonómica de subvencións de Galicia, pola Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra vixente, pola normativa xeral do procedemento administrativo e réxime xurídico do sector público, así como pola normativa estatal e autonómica vixente en materia de deporte que resulte aplicable.

En todo o non previsto nas normas anteriores, serán de aplicación supletoria as restantes disposicións do ordenamento xurídico pertinentes segundo a natureza das actuacións.

Quinta. Competicións e eventos deportivos subvencionables e exclusións

Para os efectos destas bases, considéranse subvencionables aquelas competicións e eventos deportivos que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o ano 2026 e que se axusten ao obxecto da convocatoria.

Co fin de ordenar a concorrencia e a valoración, establécense dúas liñas en función do seu ámbito e relevancia.

Competicións e eventos deportivos subvencionables

A Deputación de Pontevedra establece dúas liñas de competicións e eventos deportivos:

- *Liña 1. Encadraranse as seguintes competicións e eventos deportivos:*
 - *Competicións deportivas federadas oficiais de ámbito estatal ou internacional, encadradas nas tipoloxías de campionato ou copa de España, de Europa ou do mundo.*
 - *Competicións ou eventos deportivos internacionais non encadrados nas tipoloxías de campionato ou copa de España, Europa ou do mundo, con participación acreditada de equipos, seleccións ou deportistas doutros países e con relevancia destacada no calendario internacional, de alto impacto.*

Nota: A clasificación na liña 1 deberá ser acreditada pola entidade solicitante mediante a presentación dun certificado federativo motivado no que se describan as características da competición ou evento e se xustifique expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos para esta liña. O órgano instrutor, á vista da documentación, poderalle solicitar á federación deportiva correspondente cantas aclaracións ou información adicional considere necesarias. Se non se acredita o cumprimento dos requisitos da liña 1, a solicitude encadrarase na liña 2.

- *Liña 2. Encadraranse as competicións e eventos deportivos oficiais e non oficiais de todos os ámbitos territoriais non incluídos na liña 1.*

1) Exclusións

Exclúense desta convocatoria, e polo tanto non serán obxecto de subvención, as seguintes actividades e investimentos:

- *As competicións e os eventos deportivos cun orzamento inferior aos cinco mil euros (5.000 €).*
- *As actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou de plans provinciais da Deputación de Pontevedra.*



- Os campionatos ou eventos deportivos con formato de liga regular, entendendo como tal os que consistan en competicións periódicas con calendario estable.
- Os campus deportivos, multideportivos e as actividades que non inclúan prácticas deportivas.
- Os campionatos, eventos ou actividades deportivas nos que os premios sexan diferentes para mulleres e homes.
- Os campionatos de tiro ao pombiño (segundo o Acordo plenario número 15.6896, de 28 de decembro de 2016, por consideralos actos de crueldade contra os animais).
- Calquera actividade que poida implicar algún tipo de maltrato aos animais.

Sexta. Gastos subvencionables

As entidades presentarán coa solicitude un orzamento estimativo de gastos subvencionables; é dicir, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo recollido nestas bases. Estableceranse os seguintes gastos:

- *Gastos federativos: os emitidos polas federacións deportivas da competición ou do evento deportivo subvencionado.*
- *Gastos de viaxe: os correspondentes a desprazamentos, aloxamento e manutención dos equipos, deportistas, xuízas, xuíces ou calquera outro axente necesario para realizar a competición ou o evento deportivo subvencionado.*
- *Gastos de organización: os relativos a calquera servizo contratado para planificar, organizar e executar a competición ou o evento deportivo subvencionado.*
- *Gastos publicitarios: os destinados a difundir ou darlle publicidade á competición ou ao evento deportivo subvencionado.*
- *Gastos sanitarios: os destinados á saúde dos equipos, deportistas, xuízas, xuíces ou calquera outro axente necesario para a competición ou o evento deportivo subvencionado.*
- *Gastos de material e premios: os correspondentes ao material deportivo non inventariable e aos premios, trofeos, agasallos ou calquera outra compra para as e os participantes.*

Outras normas que se deben ter en conta:

- *Este orzamento será o de referencia para xustificar a subvención concedida.*
- *En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.*
- *En caso de que se subvencionen actividades non profesionais, servirá de xustificante o recibo no que se acrediten a identificación da persoa beneficiaria da subvención e do suxeito que desempeña a actividade, o concepto, a data, o importe e a xustificación de que se realizou, se procede, a correspondente retención fiscal.*

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Só se admitirá unha única solicitude por entidade, excepto no caso das federacións deportivas, que poderán presentar ata dúas.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).



As entidades interesadas deberán acreditar a representación mediante un certificado electrónico cualificado de representante ou calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, segundo o previsto no artigo 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Comprobación de datos

Para tramitar este procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- *NIF das persoas xurídicas solicitantes.*
- *DNI ou NIE da ou do representante legal do club ou entidade.*
- *Domicilio fiscal da entidade solicitante.*
- *Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

En caso de que as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Décima. Documentación

As entidades solicitantes presentarán, coa solicitude, a seguinte documentación:

- *Para todas as solicitudes:*
 - *Anexo I: proxecto deportivo da competición ou do evento deportivo subvencionado.*
- *Só para as entidades solicitantes da liña 1:*
 - *Certificado federativo no que se recolla que a competición se encadra nalgunha das tipoloxías da liña 1 ou xustifique o seu ámbito internacional e alto impacto no ámbito económico e social.*

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para este efecto, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.



Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se entenderá que desiste da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> ou en <https://debu.redsara.es/>. Estas entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra realizará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das subvencións será o de concorrencia competitiva; é dicir, realizarase comparando as solicitudes presentadas co fin de establecer unha prelación entre elas, conforme os criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e concederánselles co límite fixado nesta, dentro do crédito dispoñible, a aquelas solicitudes que obteñan unha maior puntuación ao aplicar os criterios de valoración.

O importe das subvencións calcularase de acordo cos criterios de valoración establecidos nestas bases.

O importe máximo de subvención para cada unha das liñas é o seguinte:



Competicións encadradas na liña 1	25.000 €
Competicións ou eventos deportivos encadrados na liña 2	12.500 €

En todo caso, as axudas non poderán superar o 60 % do orzamento presentado da competición ou do evento deportivo.

Décimo cuarta. Criterio de valoración e cálculo do importe das subvencións

Co obxecto de garantir unha valoración obxectiva para asignar os importes, establecerase como criterio obxectivo o orzamento presentado polas entidades deportivas.

1) Determinación dos puntos:

O procedemento para determinar os puntos acadados por cada entidade farase mediante a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = \frac{\text{Orzamento valorado} * 100}{\text{Sumatorio da totalidade de orzamentos valorados}}$$

Establécense os seguintes máximos valorados nos orzamentos que presentan as entidades deportivas:

- Liña 1: valorarase ata un máximo de cento vinte mil euros (120.000 €) do orzamento presentado.
- Liña 2: valorarase ata un máximo de sesenta mil euros (60.000 €) do orzamento presentado.

2) Cálculo do valor do punto das axudas das subvencións:

O valor do punto calcularase dividindo o orzamento destinado a cada liña de actuación entre 100.

3) Cálculo do importe das subvencións:

O importe final das subvencións calcularase multiplicando a puntuación acadada por cada entidade polo valor do punto das axudas.

Décimo quinta. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Deportes.

Comprenderá as seguintes fases:

- Estudo e comprobación de todas as solicitudes polo servizo instrutor, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos.
- Informe-proposta da xefa ou xefe de servizo no que figure a valoración das solicitudes, de acordo cos criterios de concesión, se explique o sistema de valoración seguido, se relacionen as solicitudes por orde e se sinala a subvención correspondente a cada unha delas. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas e explicaranse as razóns da súa desestimación.
- Fiscalización dos expedientes por parte da Intervención.
- Informe-proposta por parte da Comisión de Valoración, que estará composta por:



- *Presidente: a xefa ou xefe do Servizo de Deportes.*
- *Vogais: un membro do persoal técnico do Servizo de Deportes.*
- *Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Deportes.*
- *Proposta de resolución provisional: o órgano instructor, á vista dos expedientes e do informe-proposta, formulará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada, que será notificada coa súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, e establecerase un período de dez (10) días naturais desde a súa publicación para presentar alegacións ou renunciar á subvención proposta. En caso de non haber modificacións, elevarase a definitiva.*
- *Informe-proposta dos expedientes que presenten alegacións ou renuncias.*
- *Proposta de resolución definitiva: logo de examinadas as alegacións e posibles renuncias, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos de exclusión.*
As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.
- *Informe de fiscalización da Intervención de todos os expedientes e da proposta de resolución definitiva.*

Décimo sexta. Resolución do procedemento

A proposta de resolución definitiva formulada polo órgano instructor someterase á aprobación do órgano competente, que resolverá o procedemento.

O acto de resolución do procedemento publicarase no BOPPO e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva (segundo o artigo 45 da LPACAP).

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os seis (6) meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación das solicitudes. O vencemento deste prazo sen notificar a resolución lexítima as persoas interesadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Décimo sétima. Compatibilidade e incompatibilidade

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

Segundo o disposto no artigo 19.3 da LXS e no 17.3 da LSG, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”.

A subvención será incompatible con calquera outra subvención para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade con cargo a créditos desta Deputación e dos seus organismos dependentes.

Décimo oitava. Procedemento de xustificación e pago

As entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lles concedeu a subvención.



O prazo de presentación das xustificacións finalizará o 31 de decembro de 2026, agás no caso das competicións ou actividades que se leven a cabo na segunda quincena de decembro, en cuxo caso rematará o 15 de xaneiro de 2027.

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos, segundo o previsto na base décimo segunda destas bases.

Para a xustificación, as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

- *Conta xustificativa de gastos e ingresos (anexo II)*

As entidades beneficiarias presentarán a conta xustificativa detallada, na que se incluírán a declaración do cumprimento da finalidade da subvención concedida e os gastos e ingresos totais da finalidade subvencionada.

Na xustificación de gastos figurarán os gastos por importe igual ou superior ao orzamento presentado coa solicitude. En caso de necesitar indicar máis facturas, usarase o documento de continuación da conta xustificativa (anexo III).

- En caso de que se xustifiquen gastos por un importe igual ou superior ao orzamento presentado coa solicitude, aboarase a totalidade da subvención.
- En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % e superiores ou iguais ao 50 % do orzamento presentado coa solicitude, reducirase o importe da subvención de forma proporcional.
- En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 50 % do orzamento presentado coa solicitude ou o gasto xustificado sexa menor a cinco mil euros (5.000 €), iniciárase o procedemento relativo á perda do dereito ao cobro da subvención.
- Na conta xustificativa especificaranse as facturas relativas á subvención concedida e declararase que estas non se utilizaron para xustificar outras subvencións.
- Tendo en conta que o gasto subvencionado responde a un evento concreto, nas distintas facturas xustificativas deberá figurar expresamente o nome do evento de que se trate e a súa data de realización.
- O uso da mesma factura para xustificar outras subvencións dará lugar á perda total do dereito ao cobro da subvención, sen prexuízo das posibles sancións que procedan.
- Na xustificación de ingresos detallarase o financiamento obtido para a finalidade subvencionada e indicaranse as subvencións concedidas por outros organismos públicos e fondos propios ou privados.
- En caso de que, ao sumar a subvención concedida e os ingresos obtidos con outras subvencións ou axudas ou calquera outro ingreso, se supere o custo da finalidade subvencionada ou se obteñan beneficios, aboarase a parte proporcional da subvención.

- *Xustificación con facturas*

As entidades beneficiarias presentarán facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida. En cada factura indicaranse o número de unidades, os prezos unitarios e o prezo total de cada unidade.

- En caso de que presenten facturas por un importe inferior á subvención concedida, aboarase o importe da subvención xustificada.



- *Memoria de difusión (anexo IV), na que se xustifiquen as medidas de publicidade e difusión da subvención, por medio de fotografías que mostren de forma clara e inequívoca cada unha das actuacións requiridas na base décimo oitava de medidas de difusión.*
 - *En caso de que as entidades non xustificasen correctamente as medidas de publicidade e difusión, o Servizo de Deportes poderá establecer unha dedución máxima de ata o 15 % sobre o importe da subvención. Para impoñer estas deducións, non será necesario tramitar un procedemento especial distinto ao da xustificación da subvención, senón que estas se descontarán directamente do importe concedido.*
 - *A falta de xustificación total das medidas de difusión dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención.*
 - *Todas as entidades poderán solicitar o material publicitario a través do programa “Depocomparte” da Deputación de Pontevedra (<https://www.depo.gal/-/depocomparte>). Os logotipos oficiais que se deben inserir están dispoñibles en www.depo.gal (área de descargas, imaxe corporativa).*

Outras normas que se deben ter en conta na xustificación:

- *A desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado será do 20 %. Todo gasto que supere este límite non se considerará subvencionable.*
- *Os gastos presentados na conta xustificativa deberán pagárselles ás súas respectivas provedoras e provedores antes de entregar a xustificación da subvención. En caso de que a entidade non dispoña de fondos nese momento, terá un prazo máximo dun (1) mes a partir da percepción da subvención para efectuar eses pagos. Se posteriormente, mediante control financeiro, se comprobase que algún dos gastos non se pagou ou se fixo fóra de prazo, este deixará de ser subvencionable.*
- *As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.); só excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma alternativa, poderá empregarse o pago en metálico. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos euros (900 €) implicará que este se considere non subvencionable.*
- *En caso de entidades que non teñan contabilidade, os gastos que non se paguen mediante unha entidade financeira non se considerarán subvencionables.*
- *Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. O feito de non presentar a documentación neste prazo suporá a perda do dereito a cobrar a subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.*

O pago das subvencións realizarase unha vez aprobada a xustificación mediante unha transferencia bancaria á conta sinalada na solicitude, que deberá estar a nome da entidade beneficiaria.

Para cobrar a subvención, os clubs deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Décimo novena. Obrigas en materia de publicidade e deducións por incumprimento

As entidades beneficiarias destas axudas deberán levar a cabo as seguintes actuacións en materia de difusión ou publicidade:

1. Subvencións por un importe superior a 6.000 €:



Material	Cantidade	Dedución por incumprimento
Arco de meta ou bóla xigante coa imaxe da Deputación de Pontevedra	(1)	- Se non cumpre, 3 %
Lonas de 5 x 1 m coa imaxe da Deputación de Pontevedra	(4)	- Se non cumpre, 1 % por cada lona non presentada
Bandeiras publicitarias coa imaxe da Deputación de Pontevedra	(8)	- Se non cumpre, 1 % por cada bandeira non presentada

2. Subvencións por un importe de 2.000 a 6.000 €:

Material	Cantidade	Dedución por incumprimento
Lonas de 3 x 1 m coa imaxe da Deputación de Pontevedra	(2)	- Se non cumpre, 1 % por cada lona non presentada
Bandeiras publicitarias coa imaxe da Deputación de Pontevedra	(4)	- Se non cumpre, 1 % por cada bandeira non presentada

3. Subvencións por un importe inferior a 2.000 €:

Deberase xustificar a publicidade ou a difusión da axuda concedida por medio dalgún soporte publicitario (lona, páxina web, cartel ou outros).

- Outras normas que se deben ter en conta na publicidade e na difusión para as subvencións por un importe igual ou superior a 2.000 €:

As competicións ou eventos nos que se realice algunha presentación ou calquera acto público relacionado co evento ou se leven a cabo as seguintes accións publicitarias ou de difusión deberán executarse as actuacións detalladas a continuación:

Acción	Actuación	Dedución por incumprimento
En caso de que se realice unha presentación oficial da competición ou evento deportivo ou calquera acto público relacionado con este	Convidar algunha persoa representante da Deputación de Pontevedra	- Se non cumpre, 15 %
Camisetas, trofeos ou agasallos conmemorativos da competición ou do evento deportivo	Incluír a imaxe institucional da Deputación de Pontevedra	- Se non cumpre, 1 %
Carteis oficiais, paneis traseiros, espazos dixitais, redes sociais, pantallas led ou calquera outro soporte de difusión ou publicidade da competición ou do evento deportivo	Incluír a imaxe institucional da Deputación de Pontevedra	- Se non cumpre, 1 %

Se non se pode levar a cabo a difusión e a publicidade nos termos establecidos, deberase xustificar e propoñer unha alternativa, que requirirá a aprobación da Deputación de Pontevedra.

Os logotipos oficiais que se deben colocar están dispoñibles en www.depo.gal (nos apartados “A Deputación” ou “Imaxe corporativa”).



Todas as entidades poderán solicitar o material publicitario a través do programa “Depocomparte” da Deputación de Pontevedra (<https://www.depo.gal/-/depocomparte>).

Décimo novena. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, as entidades beneficiarias terán que cumprir:

- *As medidas de publicidade e difusión nos termos regulamentariamente establecidos nestas bases.*
- *Os demais supostos previstos nesta normativa reguladora das subvencións.*
- *Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.*

Vixésima. Reintegro, perda do dereito ao cobro da subvención e renuncias

As subvencións concedidas deberán reintegrarse cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.

Perderase o dereito a cobrar a subvención, total ou parcialmente, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, nos seguintes supostos:

- *Por incumprir as obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.*
- *Por incumprir as obrigas de xustificación.*
- *Por incumprir as obrigas de adoptar medidas de difusión do financiamento público recibido.*
- *Polas demais causas establecidas na normativa de subvencións.*

As entidades que levasen a cabo o campionato ou evento deportivo antes da resolución provisional só poderán renunciar á subvención ata ese instante (período marcado para poder renunciar sen prexudicar terceiras persoas); logo de rematado ese prazo, a renuncia suporá iniciar o procedemento relativo á perda do dereito ao cobro da subvención. As entidades para as que o campionato ou evento deportivo se fose realizar con data posterior á resolución provisional deberán xustificar debidamente a non celebración; en caso de non xustificala debidamente, iniciárase o procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención.

Se o expediente de concesión se resolverse coa perda do dereito ao cobro polos motivos antes indicados, non poderán beneficiarse destas axudas na convocatoria do ano 2027.

Vixésimo primeira. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2026 e no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.

Vixésimo segunda. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplárase o establecido no artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.



Vixésimo terceira. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo cuarta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>”.

3.36375.-

CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE LALÍN, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADES 2026 E 2027), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADQUISICIÓN DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA GRAN PLAZA. ANUALIDADE 2026” (EXPTE. 2026015613)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



- En data 06/03/2026, mediante rexistro WEB2026016887, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do *Concello de Lalín* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto, unha subvención por importe de 638.241,25 euros, para a inversión “ADQUISICIÓN DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA GRAN PLAZA. ANUALIDADE 2026” cun importe total de 2.180.169,51 euros e cun orzamento para a anualidade 2026 de 638.241,25 euros.
- A finalidade que pretende a entidade municipal coa adquisición destes bens inmobles (área de reparto AR-26), considerada esta actuación de interese público e xeral, é ampliar as dotacións públicas de espazos libres e zonas verdes existentes no núcleo urbano de Lalín, configurando así un singular e representativo espazo público como lugar de estancia e paseo para a poboación lalinense, procurando unha mellor calidade e humanización do entorno urbano.
- O *Concello*, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso de fondos entre liñas.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES



- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/02/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 06/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de Lalín, CIF: P36024004, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, unha subvención por importe de 638.241,25 euros co obxecto do financiamento da actuación



“ADQUISICIÓN DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA GRAN PLAZA. ANUALIDADE 2026” (expediente 2026015613), cun orzamento global de 2.180.169,51 euros e cun orzamento para a anualidade 2026 de 638.241,25 euros.

- A xustificación da actuación realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O investimento subvencionado (anualidade 2027), deberá estar executado o 31/12/2028 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2029 O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Lalín*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.36376.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PECHE PARA PISTA DE PÁDEL E MELLORA DO ENTORNO”. (EXPTE. 2026000491)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.25.
- As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Pazos de Borbén o importe que lle corresponde é de 93.876,52 euros. En data 05/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta



a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2026000417) dunha petición do Concello de Pazos de Borbén, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 93.876,52 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “Peche para pista de padel e mellora do entorno”, cun orzamento de 99.368,98 euros dos que o concello comprométese a financiar 5.492,46 euros cunha achega municipal. A presente subvención queda condicionada a presentación da autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, sendo imprescindible que a achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 10/03/2026.
- Así mesmo, o 11/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 31/03/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Pazos de Borbén relativa ao financiamento do investimento denominado “Peche para pista de padel e mellora do entorno” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 93.876,52 €.



O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Pazos de Borbén, CIF P3603700J a cantidade de 93.876,52 € con destino ao financiamento do investimento “Peche para pista de padel e mellora do entorno” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 99.368,98 euros dos que o concello comprometéase a financiar 5.492,46 euros cunha achega municipal. A presente subvención queda condicionada a presentación da autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, sendo imprescindible que a achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Pazos de Borbén, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

5.36377.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEAREAS, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS PARA O FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO EXERCICIO 2026 ESTIPULADA NO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA ACOMETER E INCORPORAR AO PATRIMONIO PÚBLICO A ACTUACIÓN “REDE DE SANEAMENTO NOS NÚCLEOS DA FREIXA, O SOUTO E O EIDO. PARROQUIA DE RIBADETEA. FASE I”. (EXPTÉ. 2026003429)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025 (acordo núm. 4.8555), aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en diante Plan + Provincia 2026-2027, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.



- Mediante a resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a asignación por liña correspondente a cada concello. Con todo, a disposición de crédito farase por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento recollido no Capítulo I (Liña 1- Investimentos).
- Con data 10/01/2024, a entidade pública Augas de Galicia e o Concello de Pontearreas formalizaron un convenio para a execución e incorporación ao patrimonio público municipal das obras de “Rede de saneamento nos núcleos da Freixa, O Souto e O Eido. Parroquia de Ribadetea. Fase I. Pontearreas.

O convenio de carácter bienal distribuía o financiamento segundo a seguinte táboa:

	AUGAS DE GALICIA	CONCELLO DE PONTEAREAS	IMPORTE
2024	203.294,27	50.823,56	254.117,83
2025	1.132.503,08	283.125,77	1.415.628,85
	1.335.797,35 €	333.949,33 €	1.669.746,68 €

- Con data 13/08/2025, ambas partes asinaron unha addenda ao convenio co obxecto de axustar as anualidades de financiamento e fixar a contribución económica municipal consonte a seguinte nova distribución:

	AUGAS DE GALICIA E OUTRAS ADMINISTRACIÓNS (IMPORTE TOTALIZADO)	CONCELLO DE PONTEAREAS	IMPORTE
2025	1.220.179,21	50.823,56	1.271.002,77
2026	115.618,14	283.125,77	398.743,91
TOTAL	1.335.797,35 €	333.949,33 €	1.669.746,68 €

O custo total da actuación inclúe o orzamento de execución por contrata (1.529.751,65 euros), o canon da auga (115.018,14 euros) e a asistencia técnica á dirección obra e coordinación de seguridade e saúde (24.376,26 euros).

- En data 20/01/2026, mediante rexistro WEB2026003677, o Concello de Pontearreas presentou formalmente unha solicitude ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027. Nela solicita unha subvención por importe de 283.125,77 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal do exercicio 2026 estipulada no convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Pontearreas para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a actuación “Rede de saneamento nos núcleos da Freixa, O Souto e O Eido. Parroquia de Ribadetea. Fase I. Pontearreas”, onde a entidade municipal debe afrontar o pagamento das súas achegas consonte o seguinte calendario:



ANUALIDADES	CONCELLO DE PONTEAREAS
2025	50.823,56
2026	283.125,77
	333.949,33 €

- En datas posteriores, o Concello completou a documentación achegada. Faise constar que a licitación, execución e recepción do investimento correspóndelle á entidade pública empresarial Augas de Galicia; estado toda a documentación dispoñible no seguinte enlace:
<https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=821930>
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª. Dado o carácter bienal do investimento, este pode estar adxudicado (base 19ª) e o concello queda exento da aprobación do proxecto técnico ao tratarse dun convenio con outra administración no que esta asume a redacción do proxecto e a execución do investimento (base 24ª).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª no seu punto 2-2º establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada a través do Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica. Así mesmo, no caso dos investimentos plurianuais, o investimento pode estar adxudicado.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Base 24ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que no caso dos convenios coa Deputación ou con outras Administracións Públicas nos que estas asumen a redacción do proxecto e a execución do investimento, o Concello quedará exento da aprobación do proxecto técnico.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de cooperación de data 25/02/2026, do xefe do servizo de Cooperación, de data 02/03/2026 (emendado en data 30/03/2026), que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 31/03/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de PONTEAREAS, CIF: P3604200J, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 283.125,77 euros para o financiamento da achega municipal do exercicio 2026, estipulada convenio de colaboración con Augas de Galicia para acometer e incorporar ao patrimonio público a actuación 'Rede de saneamento nos núcleos da Freixa, O Souto e O Eido. Parroquia de Ribadetea. Fase I' (expte. 2026003429). O custo total do investimento ascende a 1.669.746,68 euros.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte á obriga.
- Malia que a entidade pública Augas de Galicia asume a licitación e execución do investimento, a xustificación por parte da entidade beneficiaria realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 do 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén en <http://sede.depo.gal>) e na demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme á base 36ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado incluído na anualidade 2026 deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado a 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Notificar o presente acordo ao concello de Ponteareas e darlle traslado á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia para os efectos oportunos.

6.36378.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O ROSAL, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REPARACIÓN DA PISTA DE ATLETISMO E SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBRICIÓN DO GRADERÍO DO CAMPO DE FÚTBOL DE A MATA”. (EXPTE. 2025082095)

ANTECEDENTES



- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.25.2025.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de O Rosal o importe que lle corresponde é de 115.928,47 €.
- En data 19/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025086544) dunha petición do Concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 115.928,47€ ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Reparación da pista de atletismo e substitución do material de cubrición do graderío do campo de fútbol de A Mata”, cun orzamento total de 187.096,60€, dos que 115.928,47€ son subvencionados e 71.168,13 € de achega municipal. A presente subvención debe quedar condicionada a que o Concello coa primeira xustificación do gasto realizado presente a aprobación do proxecto, acta de trazado previo (anexo I), así como as autorizacións sectoriais de Patrimonio e Servizo de estradas da Xunta de Galicia, sendo imprescindible que a remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 02/03/2026.
- Así mesmo o 25/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 25/03/2026 (CSV: PT4IXRPS2ECQ0LXI).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO



- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de O Rosal relativa ao financiamento do investimento denominado “Reparación da pista de atletismo e substitución do material de cubrición do graderío do campo de fútbol de A Mata” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 115.928,47 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de O Rosal, CIF P3604800G a cantidade de 115.928,47 € con destino ao financiamento do investimento “Reparación da pista de atletismo e substitución do material de cubrición do graderío do campo de fútbol de A Mata” ao abeiro do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, cun orzamento total de 187.096,60€, dos que 115.928,47€ son subvencionados, e 71.168,13 € de achega municipal. A concesión da presente subvención quedará condicionada á presentación das autorizacións sectoriais de Patrimonio Cultural e do Servizo de estradas da Xunta de Galicia, así como a aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (anexo I), sendo imprescindible que a remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de O Rosal, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

7.36379.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DE INSTALACIÓN NO PAVILLÓN CANDIDO CARRERA”. (EXPTE. 2025080020)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Salvaterra de Miño o importe que lle corresponde é de 140.841,45€.
- En data 10/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025084544) dunha petición do Concello, emendada na data 11/02/2026 (núms. Rexistro WEB2026008863), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 140.841,45€ ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Renovación de instalacións no pavillón Candido Carrera”, cun orzamento de 314.894,58€ dos cales 297.400,43€ son de execución de obra, 9.996,66€ de dirección de obra, 7.497,49€ de redacción de proxecto. O concello comprometése a financiar os restantes 174.053,13€ cunha achega municipal.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 12/02/2026.
- Así mesmo, o 10/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 31/03/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Salvaterra de Miño relativa ao financiamento do investimento denominado “Renovación de instalacións no pavillón Candido Carrera” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 140.841,45 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:



- Conceder ao Concello de Salvaterra de Miño, CIF P3605000C, a cantidade de 140.841,45 € con destino ao financiamento do investimento “Renovación de instalacións no pavillón Candido Carrera” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 314.894,58€ dos cales 297.400,43€ son de execución de obra, 9.996,66€ de dirección de obra, 7.497,49€ de redacción de proxecto. O concello comprometése a financiar os restantes 174.053,13€ cunha achega municipal.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Salvaterra de Miño, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

8.36380.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILABOA, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CONSTRUCCIÓN PISTA DE PÁDEL NO CONCELLO DE VILABOA”. (EXPT. 2025082725)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outórganse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Vilaboa o importe que lle corresponde é de 111.904,16 €.



- En data 29/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025087568) dunha petición do Concello, emendada nas datas 02/01/2026 e 13/01/2026 (núms. Rexistros WEB2026000084 e WEB2026001825), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 111.904,16 € ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “CONSTRUCCIÓN PISTA DE PÁDEL NO CONCELLO DE VILABOIA”, cun orzamento de 213.299,41€ dos que 207.205,14 € corresponden á execución da obra e os restantes 6.094,27 € a honorarios (da Dirección da Obra e da coordinación de seguridade e saúde).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 25/02/2026 (CSV: 5KM2HMHA60VUBTAK).
- Así mesmo o 25/02/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 24/03/2026 (CSV: S2N82C4BC1I8G9AH).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de



concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓN



A solicitude do Concello de Vilaboa relativa ao financiamento do investimento denominado “CONSTRUCCIÓN PISTA DE PÁDEL NO CONCELLO DE VILABOA” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 111.904,16 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Vilaboa, CIF P3605800F a cantidade de 111.904,16 € con destino ao financiamento do investimento “Construción Pista de Pádel no Concello de Vilaboa” ao abeiro do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, cun orzamento de 213.299,41€ dos que 207.205,14 € corresponden á execución da obra e os restantes 6.094,27 € a honorarios (da Dirección da Obra e da coordinación de seguridade e saúde). A concesión da presente subvención quedará condicionada á presentación da autorización sectorial de Augas de Galicia, do informe ou autorización do Servizo do Litoral do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente de Pontevedra, e do informe vinculante do Instituto de Estudos do Territorio, así como a aprobación do proxecto e acta de trazado previo, sendo imprescindible que as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Vilaboa, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

9.36381.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REPOSICIÓN DE MUROS DE CERRAMENTO EN CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE A PELADA E VILAXOÁN”. (EXPTE. 2025082477)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.



- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Vilagarcía de Arousa o importe que lle corresponde é de 312.440,44 €.
- En data 23/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025087018) dunha petición do Concello, emendada nas datas 03/03/2026 (núms. Rexistro WEB2026014920), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 100.944,99 € ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Reposición de muros de cerramento en campos de fútbol municipais de a pelada e Vilaxoán”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 05/03/2026.
- Así mesmo o 05/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 24/03/2026 (CSV: XUR578JO7XJBQMKO).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Vilagarcía de Arousa relativa ao financiamento do investimento denominado “Reposición de muros de cerramento en campos de fútbol municipais de a pelada e Vilaxoán” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 100.944,99 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade.

- Conceder ao Concello de Vilagarcía de Arousa, CIF P3606000B, a cantidade de 100.944,99 € con destino ao financiamento do investimento “Reposición de muros de cerramento en campos de fútbol municipais de a pelada e Vilaxoán” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento do mesmo importe.
A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Vilagarcía de Arousa, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



10.36892.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO CONTRATO DE SERVIZOS DO SOPORTE E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS DE VIRTUALIZACIÓN XERAL (CISCO UCS) E HIPERCONVERXENTE (CISCO HYPERFLEX) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2026004324)

Resultando.- Que, segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, a Deputación de Pontevedra, para o exercicio das súas competencias, dispón dun entorno de hiperconverxencia composto por nove (9) nodos Cisco HyperFlex HX240c M para a virtualización dos sistemas Citrix e VDI ademais dun entorno de virtualización xeral formado por dous (2) chasis UCS 9508 tamén de Cisco que contan con 4 servidores blades UCS 210c M6 cada un.

Resultando.- Que a infraestrutura Hyperflex se encontra instalada de forma íntegra (9 nodos) no Centro de Proceso de Datos Principal (CPDP) da Deputación, mentres que a infraestrutura de virtualización xeral se encontra repartida entre o CPDP e o Centro de Proceso de Datos de Respaldo (CPDR), a razón dun chasis con 4 servidores UCS en cada un dos CPDs.

Ambos CPDs se encontran actualmente xestionados polo servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra, sendo responsable do soporte dos mesmos, así como, da supervisión, detección e diagnose de calquera problema de hardware ou software que poida producirse neles, co obxecto de previr e minimizar calquera posible impacto ou degradación do servizo.

Considerando o seu uso continuado e intensivo, xustifícase a necesidade de contratar os servizos de soporte técnico e mantemento para os equipos que forman parte das infraestruturas de virtualización xeral Cisco UCS e Cisco Hyperflex da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente este servizo, xustificando na falta de persoal especializado na materia, ademais de non poder contar ca opción de reparación ou substitución de pezas.

En canto a opción de non ampliar o equipo para tal fin hai que considerar que si se externaliza, conseguiríase un servizo de soporte técnico 24x7x365 (calquera hora do día, durante os 365 días do ano), algo que de realizarse con medios propios sería moito máis custoso.

Resultando.- Que, en base ao exposto, con data 28 de xaneiro de 2026, a xefa do servizo de Novas Tecnoloxías, emite providencia de inicio na que, co visto e praxe do deputado delegado, propón a contratación dos servizos de “*soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (Cisco UCS) e hiperconverxente (Cisco Hyperflex) da Deputación de Pontevedra*”. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Resultando.- Que, con data 05 de febreiro de 2026, a Intervención emite os documentos de retención de crédito, polos importes e con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento provincial abaixo sinalada:



Anualidade	Nº documento contable	Aplicación orzamentaria	Importe (IVE engadido)
2026	RC nº 12026000024040	2026/926.9260.227.23	70.185,96 €
2027	RCFUT nº 12026000024041	2027/926.9260.227.23	120.318,79 €
2028	RCFUT nº 12026000024046	2028/926.9260.227.23	120.318,79 €
2029	RCFUT nº 12026000024048	2029/926.9260.227.23	50.132,83 €
TOTAL			360.956,37 €

Resultando.- Que, con data 17 de febreiro de 2026, o servizo xestor emite informe complementario, mediante o que se introducen modificacións e aclaracións relativas á providencia de inicio (CSV: C1VAIHF518DS2Q4C).

Resultando.- Que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 19 de febreiro de 2026, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 26 de febreiro de 2026, e as observacións contidas no mesmo (CSV: UMGF6ZGUEOXCLD4S).

Resultando.- Que con data 02 de marzo de 2026, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 30 de marzo de 2026, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo mixto, onde a prestación principal é un servizo, mentres que a accesoria concrétese nunha subministración. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor calidade-prezo) sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 27 de marzo de 2026, coas seguintes observacións e recomendacións (CSV: 4X31INKXNYEM3UQU):

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Nos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor en xeral, debe estar perfectamente definido o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e ao mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na valoración. Neste caso, no que o peso porcentual destes criterios de xuízos de valor é relevante e que, ao mesmo tempo, son un tanto imprecisos, fai difícil a posterior comparación entre as ofertas polo que, no informe técnico de valoración das ofertas deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/ subcriterio.



Estes criterios teñen carácter vinculante e deberán ser obxecto de seguimento e verificación polo servizo xestor durante a execución do contrato.”

Considerando.- O disposto no artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos mixtos os contratos que conteñan prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase.

Considerando.- Os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Considerando.- Que por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, dos servizos de “*soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (Cisco UCS) e hiperconverxente (Cisco Hyperflex) da Deputación de Pontevedra*”. O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 360.956,37 € (IVE engadido), que se desagrega como segue:

Importe sen IVE	IVE (21%)	Importe total (co IVE)
298.311,04 €	62.645,33 €	360.956,37 €

O valor estimado é de 298.311,04 €

O prazo de duración do contrato é de tres anos, a contar desde a data de formalización do contrato, con efectos desde o día 4 de xuño de 2026, sempre que o contrato se formalice con anterioridade a dita data; en caso contrario, os efectos produciranse desde a data de formalización do contrato.

Non se contemplan prórrogas para esta contratación.



2.- Aprobamos os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 2SZU6UV9B6VPIHG9) e de prescricións técnicas (CSV: 1GY29GF60R9VPP1M) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 360.956,37 euros, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria, distribuído en anualidades como segue:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (IVE engadido)
2026	2026/926.9260.227.23	70.185,96 €
2027	2027/926.9260.227.23	120.318,79 €
2028	2028/926.9260.227.23	120.318,79 €
2029	2029/926.9260.227.23	50.132,83 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2027, 2028 e 2029 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato á xefa do servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

11.36893.- ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO CONTRATO DE PATROCINIO DEPORTIVO DA PROBA CICLISTA DE CARÁCTER INTERNACIONAL "O GRAN CAMIÑO 2026". (EXPTE. 2026003401)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2026, acordou aprobar o expediente para a contratación para a adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do contrato de patrocinio deportivo da proba ciclista “O Gran Camiño 2026”, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa EZE MOSQUERA EVENTS, S.L. (CIF B70351341).

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 27 de marzo de 2026, á empresa EZE MOSQUERA EVENTS, S.L. (CIF B70351341), no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).



A citada empresa presentou oferta con data 6 de abril de 2026 e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa é a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	119.008,26 €
IVE (21 %)	24.991,74 €
Importe ofertado con IVE	144.000,00 €

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
EMEPREMIUNSPORTS, S.L.U. (CIF B70351341)	144.000,00 €	0,000 puntos

A empresa presenta a documentación relativa ao cambio de denominación social da empresa que pasa a denominarse Emepremiumsports, S.L.U.

A empresa proposta para a adxudicación, figura inscrita no Rolece e no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia.

Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe 5.950,41 € (carta de pago núm. 12026000065034 de data 07/04/2026).

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de patrocinio deportivo da proba ciclista de carácter internacional “O Gran Camiño 2026”, á empresa EMEPREMIUNSPORTS, S.L.U. (CIF B70351341), polo seguinte prezo ofertado e conforme ao establecido na súa oferta.



Importe ofertado sen IVE	119.008,26 €
IVE (21 %)	24.991,74 €
Importe ofertado con IVE	144.000,00 €

O prazo de duración do contrato será desde a sinatura do contrato ata a finalización da proba, que se celebrará entre o 14 e o 18 de abril de 2026.

En caso de cambios nas datas de realización da proba por causas de forza maior, estableceuse un prazo de duración máximo do contrato ata o 31 de maio de 2026.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/340.3410.226.20 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: TOTAL.

Fitos de facturación: O pagamento á empresa adxudicataria realizarase contra a emisión dunha única factura polo prezo de adxudicación do contrato. Coa factura entregarase unha memoria detallada na que se recolla pormenorizadamente tódalas accións publicitarias recollidas no prego de prescricións técnicas.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2026003401	
Órgano xestor:	LA006118	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135



Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

12.36894.- ADMISIÓN DA EMPRESA INTERVENTO 2 S.L. (NIF: B80690910) NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA O SERVIZO DE TRANSPORTE DE OBRAS DE ARTE (EXPTE. 2024057103)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2024, aprobou o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación do “*Servizo de transporte de obras de arte para o Museo de Pontevedra*”.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 10 de decembro de 2024, aparecendo publicado o día 11 de decembro de 2024 (Número de publicación do anuncio 755260-2024; número da edición do DO S: 241/2024); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de decembro de 2024, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade. Na sesión ordinaria do día 7 de xaneiro de 2025 a Xunta de Goberno acordou admitir ás seguintes empresas nas distintas categorías do sistema dinámico:

Categoría I: Embalaxe/Desembalaxe + Transporte (concentración e dispersión) + Transporte aéreo (concentración e dispersión) + Correos +Montaxe

1. Daexga Servicios Integrales de Galicia S.L (NIF: B70040597)
2. Feltrero División Arte S.L. (NIF: B37407004)

Categoría II: Embalaxe/Desembalaxe + Transporte (concentración e dispersión) + Correos

1. Cloister Services 2000, S.L. (NIF: B71092340)
2. Daexga Servicios Integrales de Galicia S.L (NIF: B70040597)
3. Feltrero División Arte S.L. (NIF: B37407004)

Categoría III: Embalaxe/ Desembalaxe + Transporte Combinado + Correos

1. Daexga Servicios Integrales de Galicia S.L (NIF: B70040597)
2. Feltrero División Arte S.L. (NIF: B37407004)



3. Queroche S.L. (NIF: B50227123)

Categoría IV: Montaxe

1. Cloister Services 2000, S.L. (NIF: B71092340)
2. Daexga Servicios Integrales de Galicia S.L. (NIF: B70040597)
3. Diseño y Construcción Técnica de Exposiciones SLU (NIF: B37434354)
4. Feltrero División Arte S.L. (NIF: B37407004)

Ao tratarse dun SDA no que as novas empresas poderán solicitar a súa inclusión no mesmo, así como darse de baixa, cando o teñan por convinte, as novas incorporación no sistema avaliaranse na primeira mesa de contratación que se celebre no mes seguinte á presentación da solicitude de participación.

Tendo en conta o anterior, a mesa de Contratación, na reunión celebrada día 1 de abril de 2026, procedeu á avaliación da candidatura presentada pola empresa Intervento 2 S.L. (NIF: B80690910), e acordou seleccionar á citada empresa por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma na categoría IV do Sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de transporte de obras de arte.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Admitir á empresa Intervento 2 S.L. (NIF: B80690910) na Categoría IV do Sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de transporte de obras de arte.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

Base 32ª reguladora do Plan +Provincia 2024 - Liña 1, relativa os excesos de medición e modificación dos contratos, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra o *Concello* deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación, e redactar un proxecto modificado.

Ase mesmo a base 32ª contempla que cando o proxecto modificado implique un incremento de custo con respecto ao inicial, o *Concello* empregará a baixa obtida na adxudicación do contrato no financiamento do modificado, de contar con ela.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 12/12/2025 e do xefe do servizo de Cooperación de



data 27/03/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da modificación do acordo de concesión, e do informe da Intervención Provincial, de data 27/03/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 3.33761 de data 10 de maio de 2024 por reformulación do proxecto técnico aportado inicialmente e que figura no expediente polo novo proxecto técnico, presentado en data 03/12/2025 con rexistro de entrada WEB2025083086, que rexerá a execución do investimento “ACONDICIONAMENTO DE XARDÍNS NO CONCELLO DA ESTRADA” (expediente 2024019048), cuxo orzamento ascende a 145.183,58 euros, quedando o cadro de financiamento do devandito investimento tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024
145.183,58	136.869,17

- A variación orzamentaria respecto do proxecto inicial, financiada con cargo á baixa xerada coa adxudicación da obra, non altera a finalidade nin a subvención do investimento incluído no Plan + Provincia 2024.
- O resto do texto do acordo da Xunta de Goberno núm. 3.33761 de data 10 de maio de 2024, permanece invariable, exceptuando os condicionantes que quedaron resoltos coa presentación do reformulado.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Estrada*, a Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.36900.- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NÚM.26.36283, DE DATA 20/03/2026, NO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE SANXENXO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3). (EXPTE. 2026010298)

ANTECEDENTES:

Primeiro. O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.

Segundo.- Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes do xefe do Servizo de Cooperación e de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 20 de marzo de 2026, punto núm. 26.36283, aprobouse a concesión dunha subvención ó abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2026/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.



Terceiro.-. No caso do Concello de Sanxenxo, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE SANXENXO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
26	6 auxiliares administrativos/as, en xeral a xornada completa durante 9 meses; 12 peóns de obras públicas, en xeral a xornada completa durante 9 meses; 5 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses e 3 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 20 h./sem. durante 3,4 meses	318.905,94 €	311.031,16 €	65.030,19 €	253.875,75 €

Cuarto.- Non obstante, comprobouse a existencia dun erro material na transcripción da solicitude do concello en relación a duración dos 12 peóns de obras públicas, en xeral posto que a duración é de 6 meses a xornada completa e non de 9 meses a xornada completa.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

CONCLUSIÓNS:

Comprobouse que efectivamente se produciu un erro material na transcripción da solicitude do Concello de Sanxenxo nos termos descritos anteriormente, polo que se estima pertinente corrixir o acordo para adaptalo á petición do Concello.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a corrección de erros do acordo da Xunta de Goberno do 20/03/2026, punto núm. 26.36283, no referente á subvención concedida ó Concello de Sanxenxo, CIF núm. P3605100A, de maneira que onde di:



CONCELLO DE SANXENXO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
26	6 auxiliares administrativos/as, en xeral a xornada completa durante 9 meses; 12 peóns de obras públicas, en xeral a xornada completa durante 9 meses; 5 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses e 3 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 20 h./sem. durante 3,4 meses	318.905,94 €	311.031,16 €	65.030,19 €	253.875,75 €

Debe dicir:

CONCELLO DE SANXENXO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
26	6 auxiliares administrativos/as, en xeral a xornada completa durante 9 meses; 12 peóns de obras públicas, en xeral a xornada completa durante 6 meses; 5 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses e 3 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 20 h./sem. durante 3,4 meses	318.905,94 €	311.031,16 €	65.030,19 €	253.875,75 €

E onde di:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Sanxenxo (P3605100A)	26	6 auxiliares administrativos/as, en xeral a xornada completa durante 9 meses; 12 peóns de obras públicas, en xeral a xornada completa durante 9 meses; 5 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses e 3 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 20 h./sem. durante 3,4 meses	253.875,75 €

Debe dicir:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Sanxenxo (P3605100A)	26	6 auxiliares administrativos/as, en xeral a xornada completa durante 9 meses; 12 peóns de obras públicas, en xeral a xornada completa durante 6 meses; 5 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses e 3 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 20 h./sem. durante 3,4 meses	253.875,75 €

O resto do texto permanecerá invariable.

Non obstante, o presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2 c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

En consecuencia, a Xunta de Goberno a acorda por unanimidade:

1. Corrixir o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno do 20 de marzo de 2026, punto núm. 26.36283, no referente á axuda concedida ó Concello de Sanxenxo, CIF P3605100A, que queda como segue:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Sanxenxo (P3605100A)	26	6 auxiliares administrativos/as, en xeral a xornada completa durante 9 meses; 12 peóns de obras públicas, en xeral a xornada completa durante 6 meses; 5 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses e 3 peóns de limpeza e mantemento en xornada de 20 h./sem. durante 3,4 meses	253.875,75 €

2. Darlle traslado do acordo ó Concello de Sanxenxo, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

19.36901.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO FRENTE AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO, DE 26 DE DECEMBRO DE 2025, DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE OFICINAS DA SEDE CENTRAL DO ORAL EN PONTEVEDRA (EXPTE. 2023035838).

Dada conta do recurso de reposición interposto por COVISAM NORTE, S.L., mediante escrito con Rexistro de entrada WEB2026007675, de 5 de febreiro de 2026, fronte ao Acordo da Xunta de Goberno núm. 32.35948, de 26 de decembro de 2025, de Resolución do contrato de obras de “*Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra*”.

Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de xuño de 2024, adxudicou a COVISAM NORTE, S.L., mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de obra “*Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra*”, cun prezo de 254.075,80 euros (IVE incluído) e prazo de execución de catro meses. No mesmo acto adxudicou a AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L., como contrato complementario da obra, o correspondente contrato baseado no Acordo Marco de seguridade e saúde (lote 4), cun prezo de 1.659,58 euros (IVE incluído).

Resultando que a acta de comprobación do replanteo formalizouse entre a directora de obra e o contratista con data 26 de xullo de 2024, fixando o 26 de novembro de 2024 como data de finalización.

Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 13 de setembro de 2024, acordou suspender a execución do contrato de obras, con efectos desde o 26 de xullo de 2024, debido a que os traballos se ían a executar nos andares baixo e primeiro da Sede Central do ORAL, onde presta servizo un importante número de traballadores, sendo necesario a reorganización e traslado de parte do persoal. O reinicio dos traballos produciuse o día 8 de xaneiro de 2025.



Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 21 de febreiro de 2025, acordou unha nova suspensión, con efectos desde o 11 de febreiro de 2025, debido á existencia de humidades importantes no forxado de teito do andar baixo, que precisaban ser emendadas previamente pola comunidade de propietarios.

Resultando que, mediante Resolución Presidencial número 2025008221, de 10 de outubro de 2025, iniciouse o procedemento de resolución do contrato, a proposta da directora de obra (informe CSV: NPOV0YAT1T060QU8G), motivada na necesidade de modificar o proxecto orixinal por circunstancias non previsibles, que implican unha alteración superior ao 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído. O procedemento iniciouse ao abeiro da causa de resolución recollida no artigo 211, letra g) da Lei de Contratos do Sector Público, dando audiencia á contratista.

Resultando que a contratista presentou escrito de alegacións mediante escrito con Rexistro de entrada WEB2025074327, de 27 de outubro de 2025, non opoñéndose á resolución do contrato, e solicitando a devolución da garantía e unha indemnización do 6 por cento das obras deixadas de realizar, en concepto de beneficio industrial.

Resultando que, con data 18 de novembro de 2025, concedeuse audiencia a COVISAM para a liquidación do contrato, unha vez emitido o correspondente informe por parte da dirección de obra ao abeiro do artigo 246.1 da LCSP (informe CSV: NGT6RCFWQCW9WBLW), favorable á devolución da garantía, que indica un Orzamento execución por contrata de licitación pendente (IVE engadido) de 214.444,47 euros.

Resultando que a contratista presentou conformidade ao informe de liquidación do contrato, mediante escrito con Rexistro de entrada WEB2025079911, de 19 de novembro de 2025.

Resultando que, completado o expediente, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26 de decembro de 2025, acordou resolver o contrato, e proceder ao abono á contratista dunha indemnización de 5.316,80 euros, correspondente ao 3 por cento do importe da prestación deixada de realizar, conforme ao artigo 213.4 da LCSP. No mesmo acordo, aprobou a liquidación do contrato, devolvendo a garantía, e resolveu o contrato complementario de seguridade e saúde.

Resultando que contra dito Acordo da Xunta de Goberno, COVISAM NORTE, S.L. interpuxo o referido recurso de reposición fronte á contía da indemnización, solicitando que se aplique no seu lugar a indemnización prevista no artigo 246.4 da LCSP, do 6 por cento do prezo de adxudicación do contrato das obras deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial.

Resultando que, con data 18 de marzo de 2026, o xefe do servizo de Contratación emite informe (CSV: 8UGZMKE34JNHV056), considerando que procede desestimar o recurso de reposición interposto por COVISAM NORTE, S.L. fronte á contía da indemnización, dado que a resolución do contrato xustificouse en causas obxectivas e sobrevindas que impediron o cumprimento do contrato, as cales quedaron convenientemente acreditadas no expediente e non discutidas pola contratista. Ditas causas atópanse contempladas no artigo 211.1 letra g) da LCSP, que prevé unha indemnización do 3 por cento, tal como acordou o órgano de contratación.

Resultando que, con data 30 de marzo de 2026, a Vicesecretaría presta conformidade ao informe do servizo de Contratación.



Considerando que COVISAM NORTE, S.L. atópase lexitimada para a interposición do recurso, e este presentouse conforme os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando que, canto ao contido do recurso, a indemnización pretendida polo contratista, do 6 por cento do prezo de adxudicación do contrato das obras deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial, corresponde ao suposto previsto no artigo 246.4 da LCSP, que se refire ao “*caso de desistimento unha vez iniciada a execución das obras, ou de suspensión das obras iniciadas por prazo superior a oito meses*”.

En primeiro lugar, compre sinalar que a suspensión das obras iniciadas, que acordou a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 21 de febreiro de 2025, con efectos desde o día 11 de febreiro de 2025, e ata a Resolución Presidencial de 10 de outubro de 2025, que iniciou o procedemento de resolución do contrato, non superou o prazo de oito meses sinalado en dito artigo.

Pola súa banda, o artigo 246.4 da LCSP regula unha causa específica de resolución para o contrato de obras: a desistencia por parte da Administración unha vez iniciada a execución das obras, ou a suspensión das obras iniciadas por prazo superior a oito meses. A desistencia é unha prerrogativa unilateral da Administración, que pode decidir, por razóns de interese público, non continuar coa execución do contrato, aínda que non concorra imposibilidade obxectiva de cumprimento. É, por tanto, unha decisión discrecional e non necesariamente motivada por circunstancias sobrevindas ou imprevisibles. O réxime indemnizador neste caso é máis favorable para o contratista: ten dereito a percibir, por todos os conceptos, o 6 por cento do prezo de adxudicación das obras deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial, IVE excluído.

Considerando que, a causa de resolución que xustificou o Acordo da Xunta de Goberno impugnado foi a prevista no artigo 211.1, letra g) da LCSP, a cal refírese á imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme os artigos 204 e 205, ou cando as modificacións necesarias superen o 20 por cento do prezo inicial do contrato, circunstancias que quedaron convenientemente acreditadas neste expediente. Esta causa responde a unha situación sobrevinda, obxectiva e allea á vontade das partes, que impide a execución do contrato conforme ao pactado, e que non pode ser liquidada mediante as modificacións contractuais legalmente previstas. Trátase, por tanto, dunha imposibilidade legal ou material de cumprimento, que pode derivar de circunstancias imprevisibles ou de forza maior, e que afecta a calquera contrato administrativo, non só aos de obras. A resolución por esta causa ten un réxime indemnizador específico: o contratista terá dereito a unha indemnización do 3 por cento do importe da prestación deixada de realizar, salvo que a causa sexa imputable ao contratista ou este rexeite a modificación contractual proposta pola Administración.

Considerando que, a xurisprudencia reconece que a desistencia é unha prerrogativa excepcional da Administración, que debe estar debidamente motivada e xustificada no expediente, e que xera efectos económicos específicos, distintos dos previstos para a imposibilidade obxectiva. Así o recolle a TSJIC de Santa Cruz de Tenerife, Sala do Contencioso-administrativo, Sentenza de 20 de outubro de 2022, que diferencia expresamente entre a resolución por desistencia (art. 246.4 LCSP) e a resolución por imposibilidade obxectiva (art. 211.1.g LCSP), sinalando que a indemnización aplicable depende da causa concreta que motive a resolución. Na mesma liña, a TSJM, Sala do Contencioso-administrativo, Sentenza de



11 de marzo de 2016, subliña que a desistencia da Administración é unha figura excepcional, que só debe utilizarse por razóns de interese público, e que a indemnización correspondente é a prevista na normativa específica para este suposto, diferenciándoa da indemnización por imposibilidade obxectiva.

En síntese, a imposibilidade de execución do artigo 211.1 letra g) da LCSP responde a unha causa obxectiva e sobrevinda que impide o cumprimento do contrato, mentres que a desistencia do artigo 246.4 da LCSP é unha decisión unilateral e discrecional da Administración, propia do contrato de obras, cun réxime indemnizador máis favorable para o contratista. A desistencia pode responder a motivos de oportunidade, conveniencia ou interese xeral, e non require a existencia dunha imposibilidade obxectiva de execución, senón a mera vontade administrativa de non continuar coa obra.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de obras cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Desestimar o recurso de reposición interposto por COVISAM NORTE, S.L., mediante escrito con Rexistro de entrada WEB2026007675, de 5 de febreiro de 2026, fronte ao Acordo da Xunta de Goberno núm. 32.35948, de 26 de decembro de 2025, de Resolución do contrato de obras de “*Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra*”, quedando firme en vía administrativa.

20.36902.- CORRECCIÓN DE ERROS ACORDO RELATIVO A SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO DO APOIO PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL. ANUALIDADE 2026. (EXPTE. 2025080638)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

“34.35950.- SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO DO APOIO PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL. ANUALIDADE 2026 (EXPTE.2025080638)”



Detectados erros aritméticos no contido acordo no relativo as tarifas D14.2 e D14.3 transcritas no mesmo compre efectuar a seguinte corrección en base ao establecido no artigo 109 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas que dispón que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Corrixir os erros detectados no acordo de 13 de decembro de 2024 relativo a “34.35950.- SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO DO APOIO PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARIA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL. ANUALIDADE 2026 (EXPT.E.2025080638)” de tal forma que:

- na parte expositiva onde pon:

O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar a esta Deputación – ORAL no próximo exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas, ascende a un total 299.995,15 €, segundo a seguinte desagregación:

OBXECTO	TARIFA	CONCEPTO	PREZO EXP.	PREZO INM.	Nº EXP.	Nº INM.	TOTAL POR EXPED.	TOTAL POR INM.	TOTAL
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
Toma de fotografías de fachada (rústica, primeiras 350)	D14.2		5,79 €	0,00 €	120	0	694,80 €	0,00 €	694,80 €
Toma de fotografías de fachada (rústica, a partir da 351)	D14.3		2,89 €	0,00 €	2.600	0	7.514,00 €	0,00 €	7.514,00 €
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
<i>TOTALES</i>							211.213,95 €	88.781,20 €	299.995,15 €

Debe poñer:

O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar a esta Deputación – ORAL no próximo exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas, ascende a un total 299.994,56 €, segundo a seguinte desagregación:

OBXECTO	TARIFA	CONCEPTO	PREZO EXP.	PREZO INM.	Nº EXP.	Nº INM.	TOTAL POR EXPED.	TOTAL POR INM.	TOTAL
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
Toma de fotografías de fachada (rústica, primeiras 350)	D14.2		5,79 €	0,00 €	350	0	2.026,50 €	0,00 €	2.026.50 €
Toma de fotografías de fachada (rústica, a partir da 351)	D14.3		2,89 €	0,00 €	2.139	0	6.181,71 €	0,00 €	6.181.71 €
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
<i>TOTALES</i>							211.213,36 €	88.781,20 €	299.994,56 €

- en consecuencia na parte dispositiva do acordo onde pon:



OBXECTO	TARIFA	CONCEPTO	PREZO EXP.	PREZO INM.	Nº EXP.	Nº INM.	TOTAL POR EXPED.	TOTAL POR INM.	TOTAL
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
Toma de fotografías de fachada (rústica, primeiras 350)	D14.2		5,79 €	0,00 €	120	0	694,80 €	0,00 €	694,80 €
Toma de fotografías de fachada (rústica, a partir da 351)	D14.3		2,89 €	0,00 €	2.600	0	7.514,00 €	0,00 €	7.514,00 €
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
TOTALES							211.213,95 €	88.781,20 €	299.995,15 €

O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar a esta Deputación – ORAL no próximo exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas, ascende a un total 299.995,15 € segundo a desagregación anterior.

Debe poñer:

OBXECTO	TARIFA	CONCEPTO	PREZO EXP.	PREZO INM.	Nº EXP.	Nº INM.	TOTAL POR EXPED.	TOTAL POR INM.	TOTAL
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
Toma de fotografías de fachada (rústica, primeiras 350)	D14.2		5,79 €	0,00 €	350	0	2.026,50 €	0,00 €	2.026.50 €
Toma de fotografías de fachada (rústica, a partir da 351)	D14.3		2,89 €	0,00 €	2.139	0	6.181,71 €	0,00 €	6.181.71 €
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
TOTALES							211.213,36 €	88.781,20 €	299.994,56 €

O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar a esta Deputación – ORAL no próximo exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas, ascende a un total 299.994,56 € segundo a desagregación anterior.

21.36903.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ESTACIONES DE REPARACIÓN DE BICICLETAS PARA AS COMARCAS DE DEZA E TABELIRÓS-TERRA DE MONTES, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU. (EXPTE. 2026004814)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 13 de marzo de 2026 aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da “subministración de estacións de reparación de bicicletas para as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”.

Resultando.- Que o anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 13 de marzo de 2026. Na mesma data, publícanse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.



Resultando.- Que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 01 de abril de 2026, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “únicos”, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Resultando.- Que unha vez descargada a documentación dos sobres “únicos”, correspondentes á documentación administrativa e a proposta avaliable mediante criterios automáticos, resultaron admitidas as seguintes empresas:

- BRICANTEL ESPAÑA, S.L. (NIF: B49280720)
- FLOEMA SEÑALÉTICA Y EQUIPAMIENTOS, S.L. (NIF: B72833601)
- O&A SMART CITY CONSULTING, S.L. (NIF: B67707059)
- SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B36456796)

Resultando.- Que consta no expediente conformidade do servizo de Turismo Rías Baixas, en relación á adaptación das subministracións ofertadas ás características técnicas esixidas nos pregos do procedemento.

Resultando.- Que a continuación, se procedeu á valoración das ofertas admitidas, de conformidade cos criterios de valoración automática establecidos no prego administrativo (certificado da Mesa de Contratación, con CSV: RWJMK8FWIDDLBBZC), figurando as puntuacións outorgadas no informe de puntuacións finais, de data 06 de abril de 2026 (CSV: UKA00SKME8YPGVQC).

Resultando.- Que en base ó anterior, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación final das ofertas presentadas polos licitadores; propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do contrato a favor da empresa FLOEMA SEÑALÉTICA Y EQUIPAMIENTOS, S.L. (NIF: B72833601) que acada a mellor puntuación; e facultar ao secretario da mesma para que procedera a requirirlle, mediante comunicación electrónica, para que presentara a documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a empresa proposta como adxudicataria atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) quedando acreditado, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar. Asimesmo, polo persoal técnico do servizo de Contratación constatouse que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como dado de alta no IAE.

Resultando.- Que con data 06 de abril de 2026, o secretario da Mesa de Contratación requiriu, mediante comunicación electrónica, á empresa FLOEMA SEÑALÉTICA Y EQUIPAMIENTOS, S.L. (NIF: B72833601), para que remitise a documentación esixida no prazo de 7 días hábiles a contar desde o seu envío (rexistros de saída número NOT2026007665).

Resultando.- Que a empresa FLOEMA SEÑALÉTICA Y EQUIPAMIENTOS, S.L. (NIF: B72833601) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de



Pontevedra (registro entrada WEB2026029393, de datas 07 de abril de 2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 6.171,59 € (carta de pago núm. operación 12026000065133, de data 07 de abril de 2026).

Resultando.- Que, con data 08 de abril de 2026, a xefa do servizo de Turismo Rías Baixas emitiu informe relativo á viabilidade da execución do contrato dentro do prazo de elixibilidade establecido no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), concluíndo que esta resulta viable, *“non existindo impedimentos temporais para a súa adxudicación”*. Asimesmo, considérase que *“a instalación posterior dos elementos subministrados, que será executada con financiamento propio, non afecta á elixibilidade da subministración obxecto do contrato”* (CSV: Y3SRJKEKV2VLYBLT).

Considerando.- Os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato da *“subministración de estacións de reparación de bicicletas para as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”* á empresa FLOEMA SEÑALÉTICA Y EQUIPAMIENTOS, S.L. (NIF: B72833601) polos prezos e valores ofertados, coas especificacións técnicas contidas no PPT, conforme ao seguinte detalle:

Prezo total ofertado, sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado, IVE engadido
89.000,00 €	18.690,00 €	107.690,00 €

Os prezos unitarios ofertados resultantes, unha vez aplicada a baixada ofertada polo adxudicatario, son os seguintes:



Concepto	Uds. máximas estimadas	Prezo unitario ofertado, sen IVE	IVE (21%)	Prezo unitario ofertado, co IVE
Estación de reparación estándar	8	1.915,55 €	402,27 €	2.317,82 €
Estación de reparación avanzada	7	5.032,78 €	1.056,88 €	6.089,66 €
Paneis informativos	15	887,52 €	186,38 €	1.073,90 €
Banco	15	854,36 €	179,42 €	1.033,78 €
Papeleira	15	821,20 €	172,45 €	993,65 €

O prazo de execución do contrato é de (2) meses, a contar desde a data de formalización do contrato, non contemplándose prórrogas.

Financiamento: 100 % do importe ofertado, IVE engadido, financiado polo Ministerio de Industria e Turismo).

As obrigas derivadas do presente contrato, polo importe máximo de 107.690,00 €, IVE engadido, financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	TOTAL
2026	433.4324.652.99 ou na súa vinculación xurídica (PROX. 92210004 DEZA TABEIRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO)	107.690,00 €
TOTAL		107.690,00 €

Forma de pagamento: TOTAL

Fitos de facturación:

Os pagos realizaranse nun único abono, contra a presentación da correspondente factura, unha vez finalizadas todas as prestacións obxecto do contrato. Na factura deben de indicarse expresamente os seguintes extremos: tipo de artigo, unidades subministradas e o prezo unitario ofertado de cada un deles.

Este pago estará condicionado á conformidade expresa da Deputación de Pontevedra cos traballos realizados, que se acreditará mediante a firma da acta de recepción ou documento equivalente emitido polo órgano competente.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2026004814	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsables do contrato: Ruth González, xefa do Servizo Turismo Rías Baixas ou persoa en quen delegue.

2.- As empresas adxudicatarias deberán formalizar os contratos en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle ás empresas seleccionadas para que formalicen o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpusese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

22.36904.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

23.36905.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.



24.36906.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Vicesecretaria que dou fe.

